

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Conforme ao establecido no artigo 11 da Lei 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía de Galicia, respecto ao Parlamento de Galicia. Sinale a resposta CORRECTA:**

- A) Unha Lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o seu número entre 55 e 75.
- B) A circunscrición electoral, en todo caso, é a provincia.
- C) O Parlamento está constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal suxeitos a mandato imperativo.
- D) A decisión sobre a inculpación, prisión, procedemento e xuízo dos membros do Parlamento de Galicia corresponde ao Tribunal Supremo.

**2. Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, determinada información clínica conservarase indefinidamente e o resto debe conservarse durante un prazo mínimo, desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento. Sinale a resposta CORRECTA sobre o prazo mínimo.**

- A) Dez anos.
- B) Cinco anos.
- C) Vinte anos.
- D) Un ano.

**3. A Sección 1ª do Capítulo II, Título primeiro da Constitución Española de 1978 establece os dereitos fundamentais. Sinale dos que se indican cuál NON é fundamental?**

- A) O dereito de asociación.
- B) O dereito de petición.
- C) O dereito de fundación para fines de interese público.
- D) O dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses.

**4. De conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, cal das seguintes NON constitúe unha función propia do Servizo Galego de Saúde?**

- A) O desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.
- B) Os acordos de creación de hospitais públicos de Galicia.
- C) A celebración de contratos de servizos sanitarios con organizacións, centros, servizos e establecementos públicos e privados, para a consecución dos obxectivos de asistencia fixados.
- D) A planificación, a xeración, a posta a disposición e a avaliación dos recursos que precise no cumprimento dos seus fins.

**5. De acordo co establecido no artigo 66 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, de Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos servizos de saúde, o persoal estatutario en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público... Sinale a resposta CORRECTA:**

- A) Devindicará retribucións no seu servizo de orixe.
- B) Non poderá obter o pase a esta situación sen ter prestado servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante tres anos.
- C) O tempo de permanencia nesta situación seralle recoñecido a efectos de trienios e carreira profesional cando reingresen ao servizo activo.
- D) O tempo mínimo de permanencia nesta situación é de dous anos.

**6. En relación coa política en materia de prevención de riscos laborais, establecida no Capítulo II da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais... Indique a resposta CORRECTA:**

- A) A política en materia de riscos laborais deberá promover a integración eficaz da prevención de riscos laborais no sistema de goberno da empresa.
- B) En materia de riscos laborais a política a desenvolver non poderá atender as necesidades particulares e as dificultades das pequenas e medianas empresas.
- C) A política en materia de riscos laborais terá que realizarse en cada Administración pública de forma independente, sen excluír que para que sexa eficaz debe executarse de forma proporcional entre todas.
- D) As Administracións públicas non poderán fomentar as actividades desenvolvidas polos suxeitos públicos e privados polo ben de promover as condicións de seguridade e saúde no traballo e a redución dos riscos laborais.

**7. O artigo 46 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece as características fundamentais do Sistema Nacional de Saúde. Sinale das que se indican de seguido, cal NON figura no citado artigo?**

- A) A integración de todos os recursos sanitarios públicos nun dispositivo único.
- B) A ordenación territorial dos servizos baseada na aplicación dun concepto integrado de atención á saúde.
- C) O financiamento das obrigas que se deriven da entrada en vigor da Lei 14/1986, do 25 de abril, realizarase mediante recursos das Administracións Públicas, cotizacións e taxas pola prestación de determinados servizos.
- D) A extensión dos servizos do Sistema Nacional de Saúde a toda a poboación.

**8. De acordo co sinalado no artigo 14 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para ser admitido á realización das probas bastará con que os aspirantes manifesten e declaren nas súas instancias que reunen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas referidas a unha data... Sinale a resposta CORRECTA:**

- A) Á data da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- B) Á data de toma de posesión prevista.
- C) Á data de remate do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.
- D) Á data de publicación da relación de admitidos e excluídos.

**9. De acordo co indicado no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, relativo á natureza do Servizo Galego de Saúde... Sinale a resposta CORRECTA:**

- A) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) O Servizo Galego de Saúde dispón de potestades regulamentarias.
- C) O obxecto do Servizo Galego de Saúde é, basicamente, a promoción da saúde.
- D) O Servizo Galego de Saúde é unha entidade mercantil regulada na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

10. De acordo co establecido no artigo 29 e ss da Lei 55/2003, do 16 de decembro, de Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, a provisión de prazas do persoal estatutario rexerese polos principios xerais que se indican. Sinala a resposta que NON corresponde a un principio xeral.

- A) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal dos servizos de saúde.
- B) Mobilidade do persoal no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Planificación das necesidades de recursos e programación anual das convocatorias.
- D) Coordinación, cooperación e mutua información entre Administracións sanitarias públicas.

#### Preguntas de reserva

1. En relación con el derecho de asociación, establecido no artigo 22 da Constitución Española de 1978, sinala a resposta CORRECTA:

- A) Todas as asociacións son legais.
- B) Para a súa autorización as asociacións deben inscribirse nun rexistro administrativo.
- C) As asociacións poderán ser disoltas en virtude de sentenza xudicial ou de resolución administrativa firme.
- D) As asociacións secretas están prohibidas.

2. De acordo co establecido no artigo 9 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía de Galicia, "os poderes da Comunidade Autónoma exerceranse a través de..". Sinala a resposta CORRECTA.

- A) Do Parlamento e os deputados que forman parte do mesmo.
- B) Do Parlamento, da Xunta e o seu Presidente.
- C) Do Presidente da Xunta e os conselleiros que forman parte da mesma.
- D) Das institucións e organizacións que son propias de Galicia.